M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:09 Página 3

# IMAGO ANTIQUA

## LUGO ROMANO

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:09 Página 4

**Edición**
Excmo. Concello de Lugo

**Coordinación xeral**
Adolfo de Abel Vilela

**Autor**
Enrique González Fernández

**Colaboradores/as**
Covadonga Carreño Gascón
Enrique Alcorta Irastorza

**Fotografía**
Grupo Arqueolóxico Larouco
Groma S.C.
Servicio Municipal de Arqueoloxía

**Deseño**
add·galicia

**Dirección creativa**
Xesús Fraga
Óscar Canal

**Deseño gráfico**
Mario Sigüenza

**Impresión**

**Depósito Legal**
00000

**ISBN**
00000

**Comisario**
Enrique González Fernández

**Coordinación xeral**
Adolfo de Abel Vilela

**Colaboradores/as**
Covadonga Carreño Gascón
Enrique Alcorta Irastorza

**Imaxe e deseño**
add·galicia

**Dirección de arte e deseño**
Xesús Fraga
Óscar Canal

**Montaxe**
Manuel Gulín Rodríguez
Xosé Real Pérez
Christian Villamide

**Iluminación**
Luvesa

**Fotografía**
Grupo Arqueolóxico Larouco
Groma S.C.
Servicio Municipal de Arqueoloxía

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 5



M•Arqueoloxía LUGO.qxd  01/03/2010  14:10  Página 6

M•Arqueoloxía LUGO.qxd  01/03/2010  14:10  Página 7

# A IMAXE DO LUGO ROMANO

**José Clemente López Orozco**
*Alcalde de Lugo*

O día 30 de novembro de 2000, un comité da UNESCO reunido en Cairns (Australia) decidiu que a muralla romana de Lugo fose incluída na Lista do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural, o que significa que a partir dese momento é un monumento Patrimonio da Humanidade.

Posiblemente nunca a muralla concitou tanta unanimidade entre os lucenses que se entregaron en apoio da candidatura. Institucións públicas e privadas, empresas, colectivos profesionais, sociais e culturais, numerosos particulares, grupos políticos, etc., demostraron o aprecio que hoxe se ten por tan excepcional monumento, facendo que transcendera a súa importancia cultural, o seu valor excepcional como símbolo do xenio creador dos romanos, e que se saiba que contamos cun exemplar único no territorio que comprendía o Imperio Romano.

Pero tamén é certo que para que isto fose posible, antes, durante séculos, houbo quen se preocupou por conservar e pasarnos un legado que é a mellor herdanza que nos puideron deixar. Por iso dixemos "Conseguímolo entre todos". porque non foi só labor dos de hoxe senón tamén dos que nos precederon. E entre todos, hai que conseguir por en valor este patrimonio riquísimo que temos debaixo dos pés e que noutros lugares constitúe unha fonte de riqueza para os habitantes que contan cun tesouro arqueolóxico semellante ou inferior ó noso.

Pero non abunda con telo, senón que hai que recuperalo, catalogalo, consolidalo, restauralo, estudialo, expoñelo e divulgalo. E para iso fai falla un plan de actuación, investimento público e privado, persoal especializado, e a infraestructura necesaria para utilizar estes recursos en beneficio dos cidadáns, porque a ninguén se lle agacha que o turismo, especialmente o denominado cultural, e unha industria xeradora de postos de traballo e de riqueza.

Con este obxectivo o grupo do Goberno municipal xa comezou a dar algúns pasos chegando a acordos con particulares e coa Administración autonómica para conservar vestixios *in situ*. Dentro das actividades culturais e de promoción da cidade, organizadas polo Concello con motivo da presentación á UNESCO da candidatura da muralla, estaba a exposición montada con carácter temporal IMAGO ANTIQVA. LVGO ROMANO, pois considerábase que tanto os lucenses como os visitantes debían coñecer a evolución da cidade desde a fase campamental ata a súa decandencia, e, sobre todo, que relacionasen o monumento coa súa época a través dos achados, dos obxectos expostos e dos datos achegados polas escavacións arqueolóxicas dos últimos anos.

Pero na circunstancia actual entendemos que sería imprudente o peche desta exposición que foi visitada por varios miles de persoas maioritariamente foráneas. Consideramos que a exposición debe ser permanente para cubri o baldeiro da carencia dun Museo da Cidade, con todo o que a palabra "museo" significa no campo da museoloxía, e que aspiramos a ter.

Mentres, IMAGO ANTIQVA. LVGO ROMANO, tenta cubrir esa necesidade. Unha exposición dignamente montada, didáctica, que nos pon diante da vida cotiá dos antigos habitantes de LVCVS AVGVSTI, o seu desenvolvido e magnífico urbanismo, o traballo e forma de vida, o lecer, as súas crenzas relixiosas, os ritos funerarios, etc.

Só me resta felicitar ó Comisario da Exposición Enrique González Fernández e ó colaborador Enrique Alcorta Irastorza, arqueólogos que levan anos desenvolvendo o seu traballo en Lugo con grande profesionalidade, á Covadonga Carreño Gascón xefa do servicio de Arqueoloxía municipal e ó equipo de deseñadores e montadores polo resultado conseguido. Por último agradecer tamén ás empresas que coas súas achegas fixeron posible o financiamento da exposición e ó grupo de comunicación **R** que patrocina a edición deste catálogo.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 9

# REVALORIZAR E APRECIAR O PATRIMONIO

**Branca Rodríguez Pazos**
*Primeira Tenenta de Alcalde*

Desde o século XIX cultura e turismo tiveron un vinculo e non se concebían as viaxes con este compoñente do lecer instructivo sen que incluísen os monumentos, as formas de vida, os costumes, a gastronomía, e, en fin, aqueles aspectos que nos fan comprender o que temos en común e o que nos diferencia.

É frecuente que valoremos máis o alleo que o propio. Que fagamos turismo para ver cousas que teñen moita menos entidade que as que posuímos e posiblemente ignoramos ou non coñecemos suficientemente. Está ben ver mundo para o enriquecemento cultural, pero tamén co fin de comparar o noso contorno con outros de lugares máis distantes, para podelo apreciar no que vale de seu, destacando o que ten de aceptable e procurando corrixir o que de negativo ou inadecuado poida desmerecer o seu valor real.

Estas consideracións previas son unha reflexión que entendemos que compre facer despois da inclusión da muralla romana de Lugo na Lista do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural da UNESCO. A importancia deste feito quizais aínda non se valore en toda a súa dimensión, e posiblemente tamén non se calibre ben no seu alcance. Quero dicir que a declaración da muralla como Patrimonio da Humanidade é unha oportunidade sen precedentes para impulsar o desenvolvemento do sector turístico na cidade con todo o que supón de mellora social, económica e cultural, en definitiva de creación de riqueza e benestar.

Por iso, é preciso mostrar ó visitante o potencial patrimonial que temos, non só a muralla, sen dúbida o primeiro monumento, senón tamén os outros edificios singulares, públicos e privados, e esa reserva paisaxística de impresionante beleza que temos aa ribeira do río Miño. Porque o lugar, o hábitat escollido polos romanos para a fundación da cidade de *Lucus Augusti* non

debeu de ser casual, senón que valorarían, desde distintos puntos de vista, as características da localización e os recursos necesarios para a instalación dunha urbe que adquiriu unha importancia e desenvolvemento que non volvería ter ata o século XX.

E iso é o que se pode ver na exposición IMAGO ANTIQVA. LVGO ROMANO, estructurada cronoloxicamente desde As Orixes da cidade, pasando polo Esplendor e o seu Ocaso. Unha síntese da súa evolución histórica desde o ano 25 a. de C. ata a primeira metade do século V, desde o mundo prerromano e romano ata o cristián. Un resumo de case cincocentos anos do Lugo alto e baixoimperial, dunha cidade sen muralla e con ela.

Visitar a exposición resulta imprescindible se se quere coñecer a cidade romana que aínda pervive baixo da actual e o que garda. Pero tamén para entender o pasado, onde temos as raíces, e decatarnos de que hai un recinto histórico declarado Ben de Interese Cultural cunhas etapas medieval, moderna e contemporánea que son o reflexo da sociedade, da cultura e da economía dos distintos períodos, que tamén teñen os seus valores.

A revalorización e integración da muralla co seu contorno, mediante o absoluto respecto das súas inmediacións, coa creación e potenciación de parques arqueolóxicos, ademais da exposición de pezas como elementos de ornato en xardíns xa existentes, a presentación de vestixios arqueolóxicos *in situ* mediante acordos e convenios con outras institucións e con persoas físicas ou xurídicas, o remate do chamado "museo" de San Roque, a "musealización" dos vestixios e do mosaico das rúas de Doutor Castro e Gustavo Freire, así como chegar ós acordos pertinentes coa propiedade do balneario e coa administración competente para a creación e promoción da área arqueolóxica e museográfica das termas romanas, abren un campo de enormes posibilidades para o desenvolvemento turístico de Lugo, polo que apostamos decididamente, marcado por un antes e un despois da declaración da muralla como Patrimonio da Humanidade.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 11

*“Quien dijese que la actual Lugo es una ciudad que se levanta sobre sus propias ruinas, no se equivocaría mucho. Cuando la piqueta hiere el suelo buscando cimientos a las nuevas edificaciones, a cada momento se descubren restos de la población romana que no parecen sino que quieren sobrevivir a todas las destrucciones”.*

IMAGO ANTIQUA

Manuel Murguía,
*España, sus monumentos y artes: Su naturaleza e historia. Galicia.*
Barcelona, 1888.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd  01/03/2010  14:10  Página 12

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 13



# IMAGO ANTIGUA

A penas pasaron máis dunha ducia de anos dende que no ano 1986 se comenzou a actividade arqueolóxica de forma sistemática na cidade de Lugo. Ó longo deste tempo, polémicas aparte, montáronse tres exposicións que tiveron como temática central o Lugo romano, saíron á luz varias publicacións sobre o mesmo tema, e a cidadanía lucense foise acostumando paseniñamente á cotiá presencia das escavacións arqueolóxicas en solo urbano; dando paso a inquietude inicial a unha situación presente que, aparentemente, é aceptada por todos. Medrou, sen dúbida, a concienciación cidadá sobre o pasado da cidade, e cada vez resulta máis patente a identificación dos lucenses con este pasado, que se traduce nun mellor recoñecemento do seu monumento máis senlleiro, a muralla, memoria permanente da antiga Lucus Augusti.

Polo tanto, algo parece que mudou nestes últimos anos en Lugo, para que a día de hoxe xa poidamos falar co convencemento de que é posible a coexistencia entre a firme vontade de protexer e conservar os vestixios do noso pasado, e o normal desenvolvemento dunha cidade que aspira a modernizarse.

É hora pois de que a arqueoloxía e o que esta representa sexa considerada tamén como un factor de progreso, por paradoxal que poida resultar, tanto polas achegas que está realizando na recuperación dun rico patrimonio histórico, como pola revalorización que pode exercer sobre o futuro da cidade actual.

Neste papel que pretendemos outorgarlle á nosa cidade estamos implicados todos, na firme convicción de que se existe algo que paga a pena verdadeiramente  preservar non é outra cousa que a nosa memoria histórica, aquela sobre a que podemos construír o noso futuro.

Con esta pretensión, unha vez máis traemos a colación unha nova montaxe expositiva sobre o Lugo romano, coa sa intención de "saturar" os habitantes de Lugo, e aqueles que nos visiten, de arqueoloxía romana.

Pareceunos axeitado, neste caso, darlle máis protagonismo á cidade; e por iso con esta nova exposición pretendemos, partindo dos valores amosados en anteriores ocasións, dar a coñecer algúns dos aspectos esenciais da cidade romana; mediante un discurso expositivo no que a mensaxe principal é explicar como se configurou e desenvolveu a estructura urbana de Lucus Augusti.

Tratar expositivamente a cidade dende esta óptica, presenta non serios problemas de complexa resolución. Por unha banda, no estado actual dos nosos coñecementos, a reconstrucción da cidade romana, ben sexa dende o punto de vista urbanístico e arquitectónico, ben económico ou social, resulta aínda problemática en moitos aspectos; se ben, nos últimos anos avanzouse de xeito notorio na súa investigación. Por outra, a dificultade de dar cabida nun espacio limitado, como pode ser o marco desta exposición, a realidades dificilmente trasladables, como son as urbanísticas e/ou arquitectónicas. A falla doutras fórmulas habituais a este tipo de exposicións, tan só nos queda o recurso de ilustrar, como se dun álbum fotográfico se tratase, a formación da estructura urbana de Lucus Augusti, a través dos elementos gráficos que dela dan conta as numerosas intervencións arqueolóxicas levadas a cabo en solo urbano, e daqueles obxectos máis atractivos e elocuentes, como manifestacións propias da vida urbana.

Con esta liña argumental, a exposición ordénase en dous grandes bloques, nos que o punto de inflexión, a muralla, marca un antes e un despois na configuración da cidade.

O primeiro bloque abrangue os tres primeiros séculos na vida da cidade, dende as súas orixes como establecemento campamental, ata a etapa de máximo esplendor, onde Lucus coñecerá un importante pulo urbanístico que se traduce na consolidación da súa trama urbana, na construcción dos seus edificios máis emblemáticos, así como na existencia dunha importante actividade artesanal e comercial.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 15



O segundo bloque está presidido pola construcción da muralla, probablemente a fins do século III d.C. A fortificación da cidade traerá consigo importantes cambios na fisionomía urbana, derivados da nova traza imposta polo bastión defensivo. O programa de reformas levados a cabo na cidade, tanto no eido público como privado, denota a importancia económica e política acadada por Lucus Augusti neste período. Con todo, a partir das primeiras décadas do s. V d.C., obsérvase unha progresiva degradación da vida urbana. O ocaso da cidade ten unha data, o domingo de Pascua do 460 d.C. A urbe romana dará paso a unha nova cidade totalmente estraña á planificación urbana da etapa anterior.

Con ser nova, esta montaxe bebe en experiencias anteriores e está alimentada por todo o traballo dun grupo de xente que, empapados na arqueoloxía de Lugo, vén desenvolvendo o seu labor profesional nos últimos anos, con entusiasmo e non pouca compresión. Neste labor están os nosos compañeiros do grupo arqueolóxico Larouco, a quen agradecemos o apoio e a información recibida. Agradecemos tamén a colaboración desinteresada de D.ª Covadonga Carreño Gascón (Arqueóloga municipal) e D. Gonzalo Meijide Comeselle (Arqueólogo da Delegación provincial de Cultura).

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 17

# ÍNDICE


## I. AS ORIXES: DE CAMPAMENTO A CIDADE

**1. O escenario: en terras dos Copori**

**2. De campamento a cidade**

***Paulo Fabio Máximo, fundador da cidade***

2.1. O esplendor da vaixela indíxena

2.2. *Caetra,* a moeda da conquista.

## II. O ESPLENDOR: IMPLANTACIÓN E CONSOLIDACIÓN URBANA

**1. A planificación urbana. Unha cidade con futuro**

**2. Aspectos dunha cidade**

2.1. Rúas e pórticos, o escenario da vida pública.

2.2. O foro, cerne da vida urbana.

2.3. Auga para a cidade.

2.4. Aspectos urbanísticos.

**3. Aspectos da vida cotiá**

3.1. As primeiras importacións cerámicas

3.2. Vaixelas finas de mesa: a *terra sigillata* hispánica.

3.3. Vaixelas de cociña e mesa.

3.4. Vasos para beber.

3.5. A fraxilidade dun material: botellas e copas de vidro.

3.6. Unha luz na escuridade: as lucernas.

3.7. Máscaras de teatro ou simplemente decorativas.

3.8. O adorno persoal, algo máis que moda.

3.9. Os pequenos bronces e *instrumenta domestica.*

3.10. Termas para relaxarse.

**4. Actividade comercial e artesanal: ganarse a vida en *Lucus Augusti***

4.1. A moeda, o valor dun sestercio.

4.2. Actividade artesanal.

**5. Ritos funerarios e crenzas relixiosas**

5.1. Que a terra che sexa leve.

5.2. Antigos deuses, novas crenzas.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 18

## III. FORTIFICACIÓN: A CIDADE AMURALLADA

**1. A renovación urbana**
**2. A Muralla**
2.1. Novidades.
2.2. Elementos integrantes.

**3. Aspectos urbanísticos**
**4. A Casa, expresión da arte decorativa**
4.1. Mostras de pintura mural.
4.2. Manifestacións da arte musivaria.

**5. Aspectos da vida cotiá**
5.1. Fiandeiras e tecedores, o vestido hai que facelo.
5.2. Unha cerámica con denominación de orixe.
5.3. Vaixela de cociña e mesa.
5.4 Vaixelas finas de mesa: a *terra sigillata* hispánica tardía.
5.5. Os vidros de última xeración.
5.6. Aneis con clase.
5.7. A moeda baixoimperial, manifestación da crise.

**6. Ritos funerarios e crenzas relixiosas**
6.1. Alimentos para unha longa viaxe.
6.2. A presencia dos cultos orientais.

## IV. O OCASO

**1. Mostras cristiás en *Lucus Augusti***
1.1. Mostras arqueolóxicas tardías.

**2. O progresivo declive urbanístico**

CATÁLOGO
GLOSARIO
BIBLIOGRAFÍA
ÍNDICE DE ILUSTRACIÓNS

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 19

# AS ORIXES

## DE CAMPAMENTO A CIDADE

Desbotada a existencia na súa localización dun poboado prerromano, que non avalían nin a topografía nin os achados, o máis probable é que a cidade fose fundada, segundo se deduce das testemuñas epigráficas, por Paulo Fabio Máximo, entre os anos 15-13 a.C., sobre as estructuras dun campamento militar; do que a presencia dunha ceca emisora das moedas da *caetra*, parece avaliar a súa existencia. En todo caso, a orixe sacra da cidade sobre un soto sagrado preexistente, posteriormente dedicado ó emperador Augusto, non parece ser a opción máis probable, o que non está en contradicción con que a urbe tomara o seu nome dun santuario (*lucus*) erixido nas súas inmediacións.



M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 21



# 1. O ESCENARIO: EN TERRAS DOS COPORI

Cando no ano 28 a.C. Octaviano, xa Augusto, recibe do Senado as responsabilidades do goberno das provincias fronteirizas, entre as cales se incluía a ***Hispania Citerior***, con capital en ***Tarraco***; as terras hispanas estaban sometidas xa ó dominio de Roma, agás un pequeno territorio situado nas costas noroccidentais da península, que dende a perspectiva romana era considerado como *Finis Terrae*, a fin do mundo (Fig. 1). Coincidente este, a grandes trazos, coa franxa peninsular que baña o mar Cantábrico, é o sector occidental dela onde se sitúan os dominios setentrionais da futura *Gallaecia*, da que será centro neurálxico *Lucus Augusti*.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 22




Fig. 1

A través das fontes textuais de época imperial (Pto. 1.II, 6, 22) sabemos que estes territorios estaban ocupados por un mosaico de numerosos pobos, constituídos en pequenas unidades políticas, de ámbito comarcal e de desigual extensión, que os xeógrafos romanos posteriores designarán nos seus recontos cos termos latinos *populus* ou *civitas*, na práctica equivalentes (Fig. 2).

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 23






Fig. 2

Fig. 1

Ámbito do Imperio Romano pouco antes da conquista do noroeste hispánico.

Fig. 2

Os *populi* da *Gallaecia* (segundo Rodríguez Colmenero).

O territorio en que se vai asentar *Lucus Augusti* pertencía á *civitas* dos *copori* que, polo menos durante o período de dominación romana, exercían a súa influencia sobre unha extensa franxa territorial, na que se encadraban núcleos urbanos tan distantes entre si como *Lucus Augusti* (Lugo) e *Iria Flavia* (Padrón) (Fig. 3).




Fig. 3

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 25



## 2. DE CAMPAMENTO A CIDADE

Sobre o escenario que acabamos de describir, desenvólvense dende o ano 25 ata o 19 a.C. os acontecementos bélicos que darán lugar ás chamadas guerras cántabro-astures. Augusto en persoa decídese a viaxar a *Hispania* para poñerse á fronte da conquista desa Fisterra peninsular que aínda pulaba ceibe do dominio romano. Un dos seus mellores xenerais, Caio Antistio –alcumado "O Vello"–, foi o encargado de someter as rexións occidentais desa banda costeira que bañaba o mar Cantábrico. Tras abrirse paso polo val do Bierzo e o Cebreiro, establecería no que despois será Lugo o seu campamento base, desde onde lanzaría ataques radiais cara a tódalas partes do que hoxe constitúe a Galicia setentrional (Fig. 4).

Fig. 3

O territorio dos *Copori* no *Conventus Lucensis* (segundo Rodríguez Colmenero).

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 26




Fig. 4

A localización do campamento de *Lucus* obedece fundamentalmente a razóns xeoestratéxicas. Situado no epicentro de comunicacións naturais de gran valor estratéxico, a súa localización tampouco se fixo inconscientemente. Buscouse a proximidade dun gran río, pero especialmente escolleuse un esporón máis ou menos chairo no cumio e suavemente inclinado nas ladeiras, entallado entre as fendas escavadas no zócolo da penechaira polos cursos do Miño e do Rato (Fig. 5).

Nembargantes, son outros os argumentos nos que hoxe nos apoiamos para fundamentar a orixinaria natureza campamental de *Lucus Augusti*. En primeiro lugar, a constatación, case probada, no terreo lucense dunha ceca de campaña entre os anos 25-23 a.C., destinada a sufragar os gastos da guerra, e corroborada polo achado de máis dunha sesentena de moedas das chamadas da *caetra*, xunto con dous cospeis

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 27






Fig. 5

sen cuñar. En segundo lugar, a aparición dunha pedra granítica coa inscrición *L.VI* (Fig. 6), interpretable, con sobrado fundamento como *L(egio) VI*, identificada coa *Legio VI Victrix*, unha das lexións que, de certo, sabemos que interviron nas guerras cántabras. Sobre este substrato campamental, e aproveitando as súas magníficas condicións topográficas, fundaría Augusto, ó redor dos anos 15-13 a.C., por mediación do seu afamado legado Paulo Fabio Máximo, a cidade de *Lucus Augusti*.

Fig. 6



Fig. 4

Desenvolvemento da última fase das guerras Cántabro-astures (segundo Rodríguez Colmenero).

Fig. 5

A localización topográfica de *Lucus Augusti*.

Fig. 6

Epígrafe interpretable como *L(egio) VI*.



Fig. 7



Fig. 8

Deste feito dá conta o achado no soar lucense de tres monolitos (un dos cales mostramos nun recuncho desta exposición), portadores dun texto epigráfico común, do que se deducen, sen dúbida, aspectos relativos á fundación da cidade (Fig.7).

## Paulo Fabio Máximo, fundador da cidade

Paulo Fabio Máximo, a efixie do cal, transmitida por unha cuñaxe, podemos ofrecer (Fig. 8), naceu ó redor do ano 46 a.C., no seo dunha familia patricia. Foi cuestor da provincia de Acaia sobre o 27 a.C., cónsul ordinario, quizais, sobre o 11 a.C. e procónsul da provincia de Asia ó redor do 9 a.C. A súa legatura, como gobernador da Hispania Citerior, tería lugar sobre o 3/2 a.C., aínda que para algúns investigadores permanece a dúbida de se tal legatura sería simplemente xurídica, e aínda no caso de ser auténtico gobernador da provincia con rango consular, se exerceu as súas funcións na Lusitania ou na Citerior.

Sendo, como era personaxe moi achegado por vínculos familiares a Augusto, acompañaría a este na súa viaxe ó norte hispánico durante os anos 15/13 a.C., e mentres Augusto fundaba persoalmente Asturica, Paulo Fabio Máximo faría o mesmo con Lucus e Bracara. Para o caso de Lucus, contamos coa testemuña epigráfica de tres monolitos cun mesmo texto: V (rbis) C (onditori) A (ugusto) M (onumentum) Caesari Paullus Fabius Maxumus Legat (us) Caesari. Monumento a Augusto, fundador da cidade, Paulo Fabio Máximo, legado de César, faille esta dedicatoria ó César. Estes haberían de ser fitos fundacionais da cidade erixidos ó redor do 15-13 a.CMorreu en tempos do emperador Tiberio, víctima das intrigas palacianas que sucederían á morte de Augusto.

## 2.1. O esplendor da vaixela indíxena

Coa definitiva conquista do noroeste, índiase un rápido proceso de aculturación, que se manifesta, de xeito particular, na asimilación dos usos e costumes da vida material romana. Nembargantes, durante as primeiras décadas do século I d.C., prevalecen aínda moitas das manifestacións da cultura material do mundo castrexo. A presencia de cerámica de tradición castrexa, nos estratos máis profundos da cidade de *Lucus Augusti*, lonxe de testemuñar a existencia dun castro no soar lucense, que non avalían nin a topografía nin os achados arqueolóxicos, pon de manifesto a existencia de indíxenas trasladados a urbe nun primeiro momento, e a existencia dunha producción local elaborada de acordo cos postulados indíxenas/autóctonos. As formas corresponden, preferentemente, a olas de variado tamaño e, en menor medida, de vasos; son escasas as mostras identificadas con pratos. A cerámica indíxena desta época presenta unha gran variedade de temas e repertorios decorativos, entre os que cabe salientar principalmente a técnica do espatulado e do estampado, formando diversas combinacións e esquemas decorativos. Secundariamente, tamén se empregan como recurso decorativo, os motivos plásticos aplicados (mamelóns, cordóns lisos ou fendidos, etc.), imitando outras manifestacións da plástica indíxena, preferentemente os repuxados metálicos.

## 2.2. Caetra, a moeda da conquista

As moedas chamadas da *caetra*, cuñadas entre os anos 25-23 a.C., posiblemente por orde de Cayo Antistio, legado de Augusto e xefe da columna occidental durante a campaña do 25 a.C., e destinadas a sufra-

Fig. 7

Monolito fundacional de *Lucus Augusti*.

Fig. 8

Moeda coa efixie de Paulo Fabio Máximo (British Museum).

gar os gastos da guerra de Roma contra cántabros e astures, presentan unha tipoloxía moi característica. No anverso aparece plasmada a efixie de Augusto, entre palma e caduceo, en clara alusión á simboloxía da victoria, coa lenda *Imp(erator). Aug(ustus). Divi F(ilius)*. Nos reversos o tema principal está constituído por un escudo redondo ou *caetra*, presentando un umbo central en forma de círculo recheo cun símbolo radiado. Ó seu redor desenvólvese un debuxo xeométrico dividido en catro sectores e formado por cuadrantes de círculo. Ás veces presentan, a ámbolos lados do escudo, unha espada falcata de folla curva e un puñal de folla ancha. O centro do escudo está partido por dúas *soliferra*, ou armas metálicas arrebolizadas, diferentes da lanza e do *pilum*. A súa emisión militar estaría confirmada pola tipoloxía destas armas, típicas dos pobos que participaron na contenda, cántabros e astures, aparecendo representadas neste tipo de moedas como simbólicos trofeos de guerra.



# O ESPLENDOR

## IMPLANTACIÓN E CONSOLIDACIÓN URBANA

Durante os tres primeiros séculos da era, a cidade coñecerá un importante pulo urbanístico, que a equiparou ós máis importantes centros urbanos do momento.

Dende as primeiras décadas da súa existencia, *Lucus Augusti* preséntase como unha cidade ben planificada, adaptada á natureza do terreo sobre o que se asenta. A implantación urbana realízase con referencia a unha cuadrícula case perfecta de rúas interiores orientadas segundo un eixe N-S (*cardo maximus*) e outro E-W (*decumanus maximus*), establecida xa dende a súa etapa fundacional e posiblemente herdada, polo menos en parte, do seu pasado campamental.

Pouco sabemos do urbanismo de *Lucus Augusti* durante as primeiras fases da súa existencia. A meirande parte das construccións desta época (1ª met. do séc. I d.C.) documentadas nas escavacións arqueolóxicas foron sacrificadas polo urbanismo das etapas posteriores.

Será coa chegada ó poder da dinastía Flavia (fin. do séc. I d.C.), cando a cidade empeza a definirse cun urbanismo plenamente consolidado. Nestas datas, a cidade coñece un ambicioso programa de renovación e expansión urbana, que se traduce nunha importante restructuración da rede viaria, na organización dun sistema de abastecemento e saneamento de augas; na consolidación do seu centro monumental; na construcción da meirande parte das edificacións privadas e na definición dos seus espacios ou barrios de carácter artesanal e residencial.



Este pulo urbanístico acompáñase dunha intensa actividade comercial e artesanal, como poñen de manifesto as importacións das cerámicas de luxo (preferentemente *terra sigillata*) e a existencia dunha importante industria oleira local, como testemuñan os fornos cerámicos atopados na banda leste da cidade, na antiga periferia urbana.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 32

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 33



# 1. A PLANIFICACIÓN URBANA. UNHA CIDADE CON FUTURO

A transformación en cidade, no marco das decisións político-administrativas adoptadas por Augusto, e que lle outorgan a capitalidade do *Conventus Lucensis*, permitirá que *Lucus Augusti* coñeza, durante os tres primeiros séculos da era, un importante pulo urbanístico.

A planificación da cidade (Fig. 9) faise en función dunha cuadrícula case perfecta, sabiamente adaptada ós condicionantes topográficos do terreo, de rúas interiores orientadas seguindo os dous eixes principais, un en dirección N-S (*cardo máximus*) e outro E-W (*decumanus máximus*). No punto no que se cruzan ámbolos dous, deixouse un gran espacio aberto, o *Forum*, onde se organizarán a meirande parte das actividades públicas da urbe.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 34



Fig. 9

Necropoles de incineración

Zonas artesanais (Fornos)

Área Foral

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 35



Deste xeito, toda a superficie quedaría dividida por rúas dispostas paralelamente e máis ou menos equidistantes unhas das outras, formando unha especie de retícula. Nembargantes, a aplicación desta retícula non se fixo de maneira ríxida e sistemática, xa que algunhas rúas ofrecen variacións no seu trazado.

A restitución desta planimetría foi posible gracias ó descubrimento, no transcurso das diversas escavacións, de polo menos unha ducia de retallos viarios, algúns deles inseribles nun mesmo trazado.O proxecto urbanístico realizado na cidade nesta etapa non só contempla a creación de rúas e do espacio foral. Inclúense, ademais, os servicios necesarios para toda a poboación, fundamentalmente o abastecemento e saneamento de augas, os espacios de lecer (termas ou baños públicos) e o establecemento das áreas residenciais e daquelas dedicadas a actividade artesanal, localizadas estas na periferia urbana.

Xa que desde a súa fundación, ó redor do ano 15-13 a.C. ata aproximadamente o 270 d.C., a cidade non parece que estivese cercada por unha muralla, a liña imaxinaria que a delimitará (*pomerium*) deixará fóra de seu as zonas sagradas adicadas a necrópole, como era preceptivo en toda cidade romana.

Fig. 9

Fig. 9. O trazado altoimperial da cidade de *Lucus Augusti*.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 36

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 37



# 2. ASPECTOS DUNHA CIDADE

## 2. 1. Rúas e pórticos, o escenario da vida pública

As rúas de *Lucus Augusti* foron proxectadas de forma que puideran satisfacer da mellor maneira posible as necesidades dos seus habitantes. Foron construídas beirarrúas bastante anchas para os peóns, moitas delas porticadas, polo menos nun dos seus lados, mediante columnnas ou pilastras, co fin de resgardar os viandantes da choiva e da calor (Fig. 10). Ó mesmo tempo, estes espacios porticados eran lugares idóneos para a instalación de certas actividades artesanais e comerciais (barbeiros, taberneiros, carniceiros, etc.), en pequenos locais denominados *taber-*



Fig. 10



Fig. 11



Fig. 12

*nae*. A calzada, ben pavimentada con croios de río de diferente tamaño e grosor (Fig. 11), era drenada, cando chovía, mediante un sistema de sumidoiros situados nas marxes dela, que servían tamén como sumidoiros xerais para recoller as augas dos edificios estremeiros (Fig. 12).

As rúas ben identificadas ata o momento amosan unha anchura relativamente uniforme, variando entre os 4 e 8 m (Fig. 13-14). Nembargantes, non se mantiñan inalterables ó longo do tempo, modificando o seu ancho e aumentando o seu pavimento, a medida que medraba a cidade.

Cabe imaxinalas durante o día cunha intensa animación, poboadas por un rebumbio de xentes que circulan entre os postos de venda situados nos soportais. Pola noite esta morea de xentes cesaba, para dar paso ás bestas de carga e carreteiros que repar-

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:10 Página 39





Fig. 13





Fig. 14

tían as mercadorías, xa que estes tiñan prohibida a circulación polas rúas durante o día.

## 2.2. O Foro, cerne da vida urbana

O Foro, espacio público concebido polo cruzamento dos dous eixes principais da cidade, é a área na que se organiza a meirande parte das vida pública da urbe, nas súas vertentes administrativa, xudicial, relixiosa, comercial e mesmo lúdica.Tradicionalmente localizado pola historiografía

Fig. 10

Rúa con espacio porticado e canle lateral (escavación na praza de Sto Domingo).

Fig. 11

Fases na pavimentación dunha rúa (escavación na praza de Sto.Domingo).

Fig. 12

Rúa con canle lateral de drenaxe (escavación na rúa da Cruz, 18).

Fig. 13

Rúa identificada cun cardo menor (escavación na rúa Nova, 19).

Fig. 14

Detalle da rúa descuberta no soar do antigo pazo Lomas (rúa Nova, 19).

local na praza do Campo, as últimas obras de renovación de infraestructuras levadas a cabo no núcleo histórico parecen identificar a zona foral cun espacio ata o de agora insospeitado, determinado pola rúa da Raíña ó oeste, a praza de Sto. Domingo, ó norte, a rúa de San Pedro, ó sur e un sector da rúa Progreso, ó leste (Fig. 15). A esta conclusión parece que se chegou, tralo descubrimento e posterior análise de varios retallos de muro (Fig. 16-17-18), de 0,60 e 0,80 m, construídos con sólido morteiro, inseribles nun mesmo trazado, que definirían un gran rectángulo de 160 x 105 m. A superficie total, de



Fig.15



Fig. 16




Fig. 17

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 41



aproximadamente 1.700 m$^2$, presupón unha área foral de notable extensión. Ademais, dentro do perímetro da área acoutada, identifícanse cadansúas aliñacións de *tabernae* (tendas ou establecementos comerciais) a ámbolos dous lados, que loxicamente deberían abrirse a unha rúa porticada colateral. Sen embargo, resulta máis difícil polo de agora, identificar as correspondentes áreas sacra, administrativa e xudicial.



Fig. 18

Os traballos de investigación apuntan a que o foro de *Lucus Augusti* posiblemente se proxecta xa en época augústea, coincidente coas primeiras fases de urbanización da cidade. Por outra banda, a súa tipoloxía permitiría encadralo entre os foros de imaxe tipicamente occidental, clásico e augústeo. Trátase de foros alongados no sentido dos eixes N-S (*cardines*), polo cal as grandes rúas deberían bordealo; pero, neste caso, como noutros, sería atravesado polo *decumanus máximus* (eixe leste-oeste). Parece advertirse a tendencia a un foro peonil, que acolle ós edificios sacros e administrativos, relegando a área comercial a outro lugar.

## 2.3. Auga para a cidade

Xunto coas rúas, un dos primeiros aspectos que se tivo en conta na concepción da cidade foi o abastecemento de auga e a súa posterior drenaxe. Para isto, púxose en funcionamento toda unha serie de mecanismos (pozos, cisternas, canalizacións, acueducto, etc.), destinados a

Fig. 15

Restitución planimétrica da área foral (segundo Covadonga Carreño).

Fig. 16

Muro en *opus caementiciun* relacionado coa área foral.

Fig. 17

Muro en *opus spicatum* pertencente a área foral.

Fig. 18

Muro identificado cun dos espacios da zona foral.



Fig. 19

satisfacer as necesidades da poboación. A primeira forma de abastecemento empregada na cidade foron os pozos (Fig. 19) aproveitando o rico nivel freático do lugar. Pero esta elemental maneira de se abastecer de auga, malia satisfacer as necesidades mínimas dunha poboación en aumento, estaba lonxe de dar resposta ás demandas derivadas dun crecente desenvolvemento urbanístico; onde a auga corrente resultaba vital á hora de permitir o funcionamento de chafarices, termas, latrinas e sumidoiros. Para iso facíase




Fig. 20



Fig. 21

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 43



necesario contar cunha fonte exterior de subministración. Recorreuse á única opción tal vez posible: a construcción dun acueducto de captación de mananciais acuíferos dende as ricas fontes da zona do Castiñeiro, a uns 1.500 m ó NO da cidade. Conservamos aínda tramos do seu trazado, no que se pode recoñecer como romana a masa de *opus caementicium* empregada na súa construcción (Fig. 20).

A distribución no interior da cidade realizábase ben mediante conduccións de obra ou ben a través de tubos de chumbo ou cerámica.

O sistema de distribución de auga limpa foi completado coa correspondente drenaxe e evacuación de augas residuais. Para iso, nesta etapa da cidade, empregouse un sistema de canles ou sumidoiros que discorre polos laterais das rúas, recollendo as augas pluviais e os desaugadoiros dos edificios privados, que evacuarían as augas mediante toda unha rede de pequenas canliñas (Fig. 21).

## 2.4. Aspectos urbanísticos

O trazado en cuadrícula posibilitou a organización da cidade en pequenos espacios ou *insulae,* de variado tamaño e forma, definidos polos intervalos comprendidos entre os eixes de catro rúas que se cortan perpendicularmente (Fig. 22).

Nestes espacios, ocupados por varios bloques ou rueiros de casas, localízanse a meirande parte das vivendas, ben sexan de carácter privado ou simples casas de veciños.

As casas unifamiliares ou grandes *domus* estaban só ó alcance das persoas importantes. Concebidas nunha soa planta, estarían feitas de acordo coas características peculiares da casa romana, ordenadas nor-

Fig. 19

Pozo para abastecemento de auga encaixado nun muro (praza de Sto. Domingo).

Fig. 20

Estructura en *opus caementicium* identificada co acueducto romano (praza da Milagrosa).

Fig. 21

Canles de augas pluviais e residuais, á beira dunha calzada urbana (rúa dos Clérigos).

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 44



Fig. 22

malmente arredor dun patio central (*atrium*) e dun xardín porticado (*peristilium*). Malia as intensas campañas de escavacións efectuadas en Lugo nos últimos anos, aínda non se puido completar a planta dunha destas *domus*, algunha das cales coñecemos parcialmente (Fig. 23-24). A poboación máis humilde ocuparía bloques de vivendas, posiblemente de varios pisos dispostos en dúas ou tres plantas, a semellanza de hoxe en día, con habitacións para distintos usos segundo as necesidades dos inquilinos, e case sempre alugadas.

As construccións desta época amosan un bo coidado tanto nas formas, como na técnica. Emprégase a lousa do país, ligada con arxila ou argamasa de cal, na erección dos muros fundamentados no zócolo natural e asoleirados con cantos rodados. O gra-

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 45



nito emprégase de forma máis selectiva para os elementos como columnas, limiares, linteis, cornixas, etc.

O emprego do ladrillo era tamén moi frecuente. O seu uso resérvabase ben para a construcción dos hipocaustos e zonas de baño, ben sexa en pavimentos ou en arcos e bóvedas. Obsérvanse varios tipos, dos cales traemos aquí unha pequena mostra, atendendo ó seu tamaño: *bipedales* (59,2 cm de lado), *sesquipedales* (44,4 cm), *bessales* (19,7 cm), *pedales* (29,6 cm); adoptando maioritariamente a forma cadrada. Nembargantes, ás veces adoptan outras formas (triangulares ou circulares), segundo as necesidades e as modas. Polo contrario, o emprego de tellas (*tegulae*) reservábase para as cubertas dos tellados, combinándose para a súa ensamblaxe as tellas planas coas curvas (*imbrex*). Os pavimentos das vivendas eran sinxelos, excepcionalmente de *signinum* (ladrillo moído con



Fig. 23



Fig. 24



Fig. 25

Fig. 22

Restitución planimétrica dunha *insula* urbana.

Fig. 23

Conxunto arquitectónico de dúas *domus* exhumado nun soar da rúa dos Clérigos.

Fig. 24

Vista xeral das estructuras descubertas nun soar da rúa Armanyá.

Fig. 25

Pavimento de ladrillo moído.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 46

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 47



# 3. ASPECTOS DA VIDA COTIÁ

## 3.1 As primeiras importacións cerámicas

Unha vez comezado o proceso de integración da *Gallaecia*, e establecidas as primeiras rutas de comercio permanente, a presencia de materiais tipicamente romanos vai ser constante. Os recipientes de transporte (ánforas) e as vaixelas finas de mesa (*terra sigillata* itálica e sudgálica) son os principais indicadores destas relacións comerciais que agora se establecen con carácter habitual e permanente.

As ánforas son contedores que se empregaban para o transporte naval de diversas mercancías: viño, aceite, salgadeiras e outros productos, nun principio alleos á rexión.

A vaixela fina de mesa, denominada *terra sigillata*, recoñécese pola súa característica cor vermella e brillante, e por levar no fondo da vasilla o nome do oleiro, ó *sigillum* (de aí lle vén o nome de *terra sigillata*). Os primeiros productos deste tipo presentes en Lugo proceden dos talleres de Arezzo (Italia). A *terra sigillata* itálica, preferentemente formas lisas (pratos e copas), documéntase en Lugo a partir do cambio de era (10 a. d.C.). Coñecemos algúns destes oleiros itálicos a través das súas marcas: *Cn Ateius, Zoilus e Rasinus.*

A partir do 25-30 d.C., os talleres itálicos son substituídos polos productos procedentes dos obradorios provinciais do sur da Galia (*terra sigillata* sudgálica**)**, exportadores de productos de semellante calidade e a prezos máis vantaxosos. A vaixela gálica importada concrétase, case exclusivamente, nos tipos de prato (chamados polos especialistas *Dragendorf 15/17* e *Drag. 18*), e copas, ben lisas (*Drag. 24/25* e *Drag. 27*) ou fermosamente decoradas a molde (*Drag. 29*). Están documentados en Lugo os ceramistas *Albanus, Albinus, Bassus, Modestus, Famius*.

Coa chegada destes productos, e nun claro exemplo de simbiose cultural, os ceramistas locais fabricarán os seus propios productos a imitación da *terra sigillata*. A técnica é de tradición local, pero a forma e decoración responden ó gusto romano.

## 3.2. Vaixelas finas de mesa: a terra sigillata hispánica

Ó redor do ano 60 d.C. fai a súa aparición no mercado lucense a *terra sigillata* hispánica, que toma como modelos as formas itálicas e sobre todo sudgálicas, se ben fabrican tamén formas novas. A partir do ano 80 d.C., a producción hispánica domina o mercado local. Aparece a case totalidade de formas producidas polas olerías do norte peninsular, destacando as firmas e estilos decorativos dos obradoiros de *Tritium Magallum* (Tricio, Val do Ebro).



IMAGO ANTIQUA

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 49



Nas mesas dos lucenses de clase media non faltaban os pratos, copas e cuncas desta vaixela fina, moi diferente á cerámica máis común de mesa e cociña. Os tipos máis frecuentes son os pratos das formas Drag. 15/17, Drag. 18 e 36, e as copas Drag. 24/25, Drag. 27 e Ritterling 8. En canto ás formas decoradas, mediante a aplicación dun molde, as mellor representadas son os cuncos chamados Drag. 29, Drag. 37 e Drag. 30. Non parece tan frecuente o uso de xerras, aínda que se rexistran algúns exemplares.

## 3.3. Vaixelas de cociña e mesa

Na evolución da denominada cerámica común de *Lucus Augusti* poden observarse catro fases evolutivas, dúas altoimperiais e dúas baixoimperiais, coincidentes co devir histórico da cidade.

A primeira, que abrangue o século I d.C., caracterízase pola convivencia de cerámicas romanas e indíxenas, tradición á que pertencen diversos recipientes, últimas manifestacións da cerámica local da Idade de Ferro, elaborados artesanalmente, con claro predominio das formas pechadas de cor negra, tanto nas pastas como nas superficies, brillantes, rematadas mediante excelentes brunidos e ricamente decoradas mediante estampados, espatulados, incisións ou elementos plásticos.

A chegada da dinastía flavia dá paso á segunda fase (séculos II-III d.C.) caracterizada pola implantación dos modelos romanos que, sen embargo, non afogan algunhas solucións cerámicas tradicionais. As innovacións básicas deste período parten do establecemento dunha importante industria oleira local asentada nas bandas N e E da cidade que se rexe por criterios comerciais e masificadores e se traduce nun amplo repertorio de formas, con importante presencia dos recipientes abertos, destinados ós máis variados usos: olas de cociña e almacenaxe, tapa-

deiras, “vasos”, cántaros e xerras, bandexas, morteiros, recipientes engobados e outros de funcións máis exóticas; e que, en ocasións, especialmente nos destinados ó servicio de mesa, se agrupan en dous servicios, conxuntados pola similitude formal ou decorativa ou pola complementariedade das funcións, que chamamos *gris* e *ocre* pola súa tonalidade dominante, de gusto tradicional e de tradición romana, respectivamente.

## 3.4. Vasos para beber

Os vasos chamados de “paredes finas” ilustran unha categoría de pequenas tazas e copiños de paredes moi delgadas que parecen ter servido como vasos para beber ata que o uso do vidro non se xeralizou para tal fin. Dende o punto de vista técnico, algunha destas modalidades de fabricación constitúe probablemente o máximo expoñente da perfección acadada polos oleiros de época romana no manexo do torno rápido, perfección que roza a liña do alarde técnico nos vasiños chamados de *casca de ovo*, debido á súa extrema delgadeza (inferior a 0,5 mm). As pezas expostas proveñen de talleres béticos e fundamentalmente do veciño obradoiro zamorano de Melgar de Tera.

## 3.5. A fraxilidade dun material: botellas e copas de vidro

Baixo o Imperio Romano, a arte do vidro perfecciónase e espállase, gracias á invención do vidro soprado que permite unha producción máis rápida. En Lugo, xuntouse un pequeno pero significativo conxunto de vidros, pero debido ó seu alto grao de fragmentación, resulta difícil a súa adscrición tipolóxica. Durante os dous primeiros séculos apréciase un escaso número e variedade de formas, que proceden polo xeral de Italia ou de zonas da súa influencia (val do Ródano, Suíza); reducíndose estas, prac-

ticamente, a botellas e os cuncos chamados de costela, caracterizados pola representación de molduras verticais en forma de costela, feitos a molde.

## 3.6. Unha luz na escuridade: as lucernas

Para combater a escuridade dos camiños e lugares públicos, os romanos usaban fachóns de palla e teas feitas con sebo e outras graxas animais. Pero dentro da casa, a iluminación facíase fundamentalmente con lampadiñas de aceite (*lucernae*). Trátase de lampadiñas de barro ou bronce, fabricadas a man, a torno, molde ou sobremolde, coa función esencial de producir luz mediante o acendido dunha moxena que se conecta ó depósito de aceite que posúe a lucerna. Das características e decoración dos elementos que a configuran, sós ou combinados, dependen as diferentes tipoloxías coñecidas, así como a respectiva adscrición cronolóxica. Tamén se empregan como exvotos ou ofrendas funerarias, dado o seu carácter de símbolo do tránsito da vida terreal á vida de ultratumba.



## 3.7. Máscaras de teatro ou simplemente decorativas

O achado de tres máscaras de terracota na cidade de Lugo suscita algunhas interrogantes relativas ó seu uso: ¿trátase de verdadeiras máscaras empregadas con fins teatrais ou, pola contra, son reproduccións de máscaras de teatro de uso e función diferente? Todas elas parecen representar personaxes característicos da Comedia Nova; están realizadas a molde, conservando restos de engobe ou pintura e os buratos de suspensión para

poder axustalas á cara. Todos estes indicios parecen suxerir o seu uso teatral. Sen embargo, as súas reducidas dimensións (17-19 cm), xuntamente co escaso número de buratos de suxeición (tres) difilcutaría a súa adaptación sobre a cara. Por iso, inclinámonos polo seu uso como elementos decorativos, para seren expostas nas paredes ou corredores dos peristilos (*oscilla*).

Sen que poidamos descartar a existencia de representacións teatrais en *Lucus Augusti*, como manifestacións dunha forma de evasión máis culta, a maioría dos lucenses da época ocuparían o seu tempo libre adicados a actividades máis lúdicas como os xogos de azar ou estratexia, algún dos cales lembra vagamente o xogo das damas (*tabulae latrunculata* ou *lusoriae*). Atopáronse as correspondentes fichas ou *calculi*, feitas en pasta vítrea, cerámica ou lousa. Como dato anecdótico, mostramos un anaco cerámico transformado en ficha de xogo, portador dunha inscrición: ***(A)UT PONE (T-ST-BIS) / AUT XX (viginti) PA (CATA DA-DAS-DABIS)***, o que pode traducirse como "ou ben pos (a túa aposta) ou ben pagas as 20 (moedas) pactadas*".*

## 3.8. O adorno persoal, algo máis que moda

En *Lucus Augusti* non aparecen xoias valiosas e son raros os obxectos de ouro ou mesmo de prata. Non deixa por eso de ter interese a colección de aneis, fíbulas, alfinetes de cabelo, pulseiras e demais abelorios expostos, pois ilustran, a pesar de modestos, os tipos máis frecuentes. Os exemplares de aneis, usados tanto por homes coma por mulleres, amosan o gusto polas formas variadas e polas pedras preciosas, talladas, que serven non só como mostra de coquetería, senón tamén como amuleto; eso explica a frecuencia de pedras gravadas, algunha das cales son admirables pola beleza do deseño e a finura da talla. Os brazais e pulseiras, con decoracións estampadas ou incisas, xunto ós pendentes ou adornos de orella e os colares con doas de vidro son moi pouco abundantes. Como complementos de beleza femininos utilizábanse tamén agullas e alfinetes de bronce e sobre todo de óso, frecuentemente utili-

zadas nos peiteados. Estas agullas de cabeza (*acus crinalis*) foron de uso xeral para tódalas mulleres durante a Antigüidade. Todos estes eran parte dos elementos que a *ornatrix* (perruqueira) utilizaba na *toilette* da súa dona. Coñecemos a presencia dunha destas perruqueiras, natural de Turín que morreu en Lugo, pola testemuña dun altar funerario depositado no Museo Provincial.

Para fixar algunhas pezas de vestiario, usaban os romanos a fíbula, un alfinete metálico de forma e tamaño variados. Son frecuentes os tipos anulares, en omega, e de charnela, tipo Auccisa.

## 3.9. Os pequenos bronces e instrumenta doméstica

Outra pequena mostra da cultura material desta época son os instrumentos e útiles de bronce, utilizados nos diversos oficios e tarefas, tanto de carácter doméstico como artesanal ou mesmo comercial. En primeiro lugar, amosamos diferentes mostras de obxectos metálicos de uso cotián na mesa e na cociña, e que polo seu estado fragmentario, tan só se conservan os elementos máis robustos como mangos, pegadeiras ou asas de *sítula*, adornadas con ricas filigranas. Neste parágrafo tamén podemos incluír dous exemplares interpretados como soportes ou pousavasos. Para abrir e pechar portas ou ventás empréganse pequenas chaves e caravillas. Determinado instrumental, como *lígulae* (instrumento para preparación de remedios ou cosméticos) e pinzas de cirurxián ou compás para uso de arquitectos e carpinteiros, requiría da participación de artesáns máis especializados. Outros obxectos, como a pequena cabeciña de can, puideron servir de apliques decorativos para mobles.

## 3.10. Termas para relaxarse



Fig. 26



Fig. 27

É coñecido o interese que os romanos manifestaban polo coidado do seu corpo. Por iso, non hai cidade que se precie que non posúa un edificio termal ou de baños públicos. Gracias a eles, o exercicio físico e o coidado corporal convertéronse nun pracer amado por todos e un modo de lecer accesible incluso ós máis humildes.

No caso de *Lucus*, dáse ademais a circunstancia de contar á beira do río Miño cunhas salutíferas augas termais, que serían aproveitadas xa dende os primeiros momentos da cidade. Aproveitando o nacemento de ricos mananciais, con temperaturas que acadan os 43,8ºC, e que segue a utilizar o actual balneario, construíuse un grande edificio, que ocuparía como mínimo toda a extensión do balneario moderno. Deste edificio persisten, hoxe en día, na planta baixa do balneario, tres salas abovedadas. Dúas delas, ben pavimentadas e provistas de pequenas fornelas nas paredes, parecen identificarse co *apodyterium* ou zona de vestiarios (Fig. 26). Sen embargo, esto é só unha pequena parte do conxunto. As escavacións arqueolóxicas realizadas en diversos puntos do exterior do edificio (Fig. 27) poñen de manifesto a magnitude do conxunto edificado, que comprendería uns 2.500 m$^2$. Descubríronse novas estancias que corresponderían a un espacio porti-

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 55



cado, inicialmente concebido como ximnasio (*palestra*), e posteriormente como estancia basilical (Fig. 28); documentáronse as técnicas de captación e canalización das augas termais, así como os sistemas de drenaxe. Demostrouse, tamén, a existencia dun culto vinculado á utilización das



Fig. 28



Fig. 29

Fig. 26

Termas romanas (Balneario de Lugo). Sala do *apodyterium*.

Fig. 27

Estructura absidada nas Termas Romanas (patio posterior Balneario de Lugo).

Fig. 28

Patio porticado (palestra?) nas Termas Romanas.

Fig. 29

Hipocausto pertencente a un edificio termal (rúa Armanyá).

augas, gracias ó achado de 14 aras dedicadas ás Ninfas; o que confirma o uso terapéutico-relixioso das instalacións, xunto cunha faceta máis profana, vinculada ó lecer e ós baños hixiénicos.

O abandono e desmantelamento de boa parte das instalacións produciríase ó redor do s. III d.C. Sen embargo, con engadidos e reformas, seguiron en pé e non fallan as testemuñas do uso das súas benéficas e salutíferas augas no medievo e en épocas máis recentes.

A existencia destas instalacións termais situadas xunto ó río Miño e distantes da cidade uns 900 m facía previsible a existencia doutros baños públicos no núcleo urbano. Neste sentido, poderían interpretarse os restos descubertos hai algún tempo na rúa Armanyá, entre os cales se identifica unha exedra con hipocausto, e algunha sala provista de piscina (Fig. 29).

En toda *thermae* ou baño público, resulta preceptiva a existencia de, polo menos, tres piscinas, para cumprir co rito terapéutico do baño: un primeiro baño de auga quente, no *caldarium*, seguido dun baño relaxado na auga temperada do *tepidarium*, e rematar cun baño de auga fría no *frigidarium*.

# 4. ACTIVIDADE COMERCIAL E ARTESANAL: GANARSE A VIDA EN LUCUS AUGUSTI

## 4.1. A moeda, o valor dun sestercio

A circulación monetaria en *Lucus Augusti* comeza no reinado de Augusto, trala fundación da cidade, ou quizais xa durante o desenvolvemento das guerras cántabro-astures (coas moedas da *caetra*). A presencia de escasas moedas republicanas procedentes do subsolo da cidade debe ser considerada como un fenómeno residual.

Coa plena implantación urbana, durante o período xulio-claudio, *Lucus Augusti* intégrase de xeito pleno no sistema monetario romano, xerali-

zándose o emprego da moeda. Nesta etapa, os centros emisores que subministran maior número de moedas localízanse no Val do Ebro (*Celsa, Calagurris, Turiaso, Caesaraugusta, Gracurris, Bilbilis,* etc.).

Durante o reinado de Calígula, péchanse definitivamente as cecas hispánicas, producíndose unha escaseza de moedas de bronce, o que provocaría a proliferación de *ases* de imitación no reinado de Claudio.

En canto ós valores presentes en circulación, os ases acadan unha gran representación, seguidos a gran distancia polos *denarios* e *dupondios*. Entre as unidades máis baixas, impone o *sestercio*, unha espesa moeda de latón equivalente a catro ases, e que constitúe, dende o punto de vista artístico, o tipo máis atraente de tódalas series romanas.

Entre a morte de Cómodo e a reforma monetaria promovida por Diocleciano dáse un dos períodos máis interesantes da circulación monetaria romana, marcado pola transición entre o sistema monetario alto e baixoimperial, caracterizado por unha continua manipulación da moeda a través da creación dunha categoría métrica, o *antoniniano*.

## 4.2. Actividade artesanal

En *Lucus Augusti* detéctanse, a través dos achados arqueolóxicos, as actividades artesanais que son propias dunha cidade romana da categoría da nosa.

Os artesáns e talleres pequenos instálanse, polo xeral, nas rúas que comunicaban entre si os diferentes mercados. Entre estes, identificamos os lugares para a fabricación do pan recoñecibles pola presencia de grandes moas de muíño (*mola asinaria*) que eran movidas por un burro ou un boi conducidos por un esclavo (Fig. 30). A moa estaba formada por dúas grandes pedras de granito axustadas unha dentro da outra: facendo xirar a exterior sobre a interior, o gran machacábase ata quedar perfecta-

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 59



mente moído. Os muíños máis pequenos serían empregados nas actividades máis domésticas. Algúns destes pequenos muíños viron recoñecido o seu traballo no agradecemento dos donos, como pode apreciarse na mostra que aquí traemos, coa inscrición *B(ene) o(pus) feci. Fin(is)* ("Traballei ben. Rematou*").*

Foise implantando tamén progresivamente unha importante industria local, productora de materiais de construcción, de cerámicas de uso común e almacenaxe, e ata posiblemente de luxo, como testemuñan os fornos cerámicos atopados preferentemente ó nordeste da cidade, conformando un barrio industrial anexo ó sector urbano (Fig. 31-32-33). A súa localización na periferia da cidade obedece, fundamentalmente, á necesidade de contar con grandes espacios, e sobre todo a razóns de salubridade. Á parte dos fornos, é difícil encontrar outras testemu-



Fig. 30



Fig. 31



Fig. 32

Fig. 30

*Mola asinaria*, procedente das escavacións na praza Maior.

Fig. 31

Forno cerámico (praza de Ferrol).

Fig. 32

Forno cerámico (rúa Nova).



Fig. 33

ñas arqueolóxicas da actividade dos oleiros (*fictiliarius*). Ollando algunhas das marcas impresas no barro aínda fresco das cerámicas, podemos coñecer a estes oleiros: *Capito, Ruffi, Quinti, Rufianai.*

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 61



# 5. RITOS FUNERARIOS E CRENZAS RELIXIOSAS

## 5.1. Que a terra che sexa leve.

Ligado á crenza e ás prácticas relixiosas de calquera época, atópase o culto funerario. Durante esta primeira etapa da cidade, e ata ben entrado o século III, practicouse ou rito de incineración, do que posuímos abundantes mostras nas necrópoles exhumadas na praza de Ferrol (Fig. 34), carril das Ortigas e na necrópole mixta (incineración/inhumación) dos xardíns de San Roque. Os enterramentos efectuábanse en urnas cerámicas

Fig. 33

Vista xeral das estructuras artesanais (fornos) atopadas na rúa Nova.

que contiñan as cinzas do defunto e as ofrendas que o acompañan (Fig. 35); depositadas directamente na terra ou protexidas por pequenas cistas delimitadas por tellas (Fig. 36), e sinalando o lugar con epitafios gravados en estelas de diversa factura.



Fig. 34



Fig. 35

Son varios os autores que nos ilustran sobre o cerimonial fúnebre e nos falan dalgúns costumes, como o que alude á norma de que tódolos enterramentos tiñan lugar extra muros, feito explicable por diversos motivos, como eran o medo e a precaución sanitaria. No momento da morte, realizábase o acto de pechar os ollos e pronunciábase varias veces o nome do defunto, envolto nunha toga branca. Case sempre, introducíase na boca a moeda de Caronte, que simbolizaba o pago que o viaxeiro tiña que facer o barqueiro de ultratumba. A cremación da pira e do cadáver facíase no lugar do enterramento, ou ben, incinerábase nun lugar reservado especialmente para as cremacións. Trala incineración, apagábase o lume con auga ou con viño, pronunciábase a palabra sacramental *ilicet* (acabouse*) e tibi sit terra levis (*que a terra che sexa leve*)*, e os familiares recollían os ósos calcinados en urnas, para proceder ó seu enterramento, acompañados dos utensilios persoais, lucernas, etc. As urnas acompañábanse ás veces, co nome do defunto, cando non con textos de maldición (*formula definixionis*) contra os posibles saqueadores. Recollemos unha destas "fórmulas" inscrita nunha urna: *Olla Saturn... habebit dua gena irata.*




Fig. 36

## 5.2. Antigos Deuses, novas crenzas

Os romanos foron moi cautelosos no seu proceso de aculturización dos pobos conquistados; por iso, sucede que sen impoñer rixidamente os seus hábitos e crenzas, perviven, cando menos no territorio lucense, moitas das divindades indíxenas outrora omnipresentes no panteón galaico.

Por iso, perduraron os cultos ás divindades indíxenas, de sempre veneradas nos arredores, como é o caso de *Verore* (Fig. 37), mencionado catro veces, ou *Rea/Reo*, dúas. Pero, ó mesmo tempo, abríronse paso as novas crenzas ofi-



Fig. 37

Fig. 34

Necrópole de incineración (praza de Ferrol).

Fig. 35

Foxa funeraria con urna e enxoval cerámico (praza de Ferrol).

Fig. 36

Enterramento en cista de tégulas, con urna de incineración (praza de Ferrol).

Fig. 37

Ara votiva dedicada á divindade indíxena *Verore* (Museo Provincial de Lugo).

Fig. 38

Relevo representando a Xúpiter, procedente da Porta Nova (Museo Provincial de Lugo).

ciais, centradas especialmente en Xúpiter (Fig. 38), que na cidade de Lugo aparece frecuentemente venerado cos atributos de Óptimo, Maximo, Conservador (protector da figura do Emperador), cando non representado en relevos de non clara significación, pero, en todo caso, manifestativos do dominio romano universal. A través destas mesmas manifestacións plásticas parece intuírse o culto a Venus, aínda que os vestixios que se conservan non resultan totalmente determinantes.

A presencia dos deuses déixase notar tanto na rúa como na casa, en público ou en privado. Desta forma, os antigos lucenses dedicaban boa parte do seu tempo libre ós seus deberes relixiosos, manifestamente no máis recóndito do seu fogar, como amosa a existencia da dedicación a Xúpiter aquí exposta, que polas reducidas dimensións do epígrafe, parece proceder dun larario particular.



Fig. 38

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 65

# FORTIFICA-CIÓN

## A CIDADE AMURALLADA

Durante o derradeiro tercio do século III e todo o s. IV d.C., a cidade coñece un novo período de actividade urbanística, motivado fundamentalmente pola erección dun bastión fortificado. Prodúcense importantes cambios na súa fisonomía, derivados da nova traza imposta pola muralla. Neste sentido, cabe ter en conta que a área urbana das cidades alto e baixoimperial non son coincidentes, xa que a nova cidade, coa construcción do recinto amurallado, deixa de lado amplas zonas situadas ó SW, gañando polo contrario unha estreita franxa de territorio cara o N-NW, onde, espacios denantes reservados a cemiterios, quedan agora integrados na retícula urbana. A cidade nova instálase no corazón da antiga, e a integración dos novos espacios urbanizables faise sen grandes trastornos. Os cambios opéranse principalmente no eido das infraestructuras públicas, coa desaparición e reducción no ancho dalgunhas rúas e a creación de novos sumidoiros (cloacas) que discorren baixo o eixo das vías. No ámbito privado, asistimos á remodelación de moitos dos edificios privados da cidade, algúns dos cales decoran as súas estancias con mosaicos e pinturas murais.



M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:11 Página 67



## 1. A RENOVACIÓN URBANA

Durante o derradeiro tercio do século III e todo o s. IV d.C., a cidade coñece un novo período de actividade urbanística, motivado fundamentalmente pola erección dun bastión defensivo. Prodúcense importantes cambios na súa fisonomía, derivados da nova traza imposta pola muralla (Fig. 39). A potente fortificación, ó adaptarse á topografía do terreo, crea un novo espacio urbano. Neste sentido, cabe ter en conta que a área urbana das cidades alto e baixoimperial non son coincidentes, xa que a nova cidade, coa construcción do recinto amurallado, deixa de lado amplas zonas situadas ó SW, gañando polo contrario unha estreita franxa de territorio cara ó N-NW, onde, espacios denantes reservados a cemiterios

e olerías, quedan agora integrados na retícula urbana. Con todo, lonxe de reducir o seu perímetro urbano, a muralla rodea unha ampla área que, pola súa extensión (34 ha), resulta practicamente comparable ó antigo núcleo altoimperial.

A cidade nova instálase no corazón da antiga, e a integración dos novos espacios urbanizables faise sen grandes trastornos. Os cambios opéranse principalmente no eido das infraestructuras públicas, coa desaparición e reducción no ancho dalgunhas rúas e a creación de novos sumidoiros (cloacas) que discorren agora baixo o eixo das vías. No ámbito privado, asistimos á remodelación de moitos dos edificios privados da cidade, algúns dos cales decoran as súas estancias con mosaicos e pinturas murais.




Fig. 39

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:12 Página 69



# 2. A MURALLA ROMANA

## 2.1. NOVIDADES

As últimas actuacións arqueolóxicas feitas no circuíto amurallado de Lugo, cun perímetro de 2.117 m defendido orixinariamente por 85 cubos de planta semicircular, proporcionaron, dado o excelente estado de conservación, importantes novidades acerca das técnicas constructivas defensivas baixoimperiais, algunhas únicas en todo o Imperio Romano, das que destacamos as seguintes.

A muralla está constituída por un macizado interno (Fig. 40), estructurado en grandes bloques constructivos independentes, superpostos e interrelacio-

Fig. 39

O trazado baixoimperial da cidade de *Lucus Augusti*.


Fig. 40


Fig. 42


Fig. 41

nados mediante unha serie de xunturas estructurais, radiais ou paralelas, con ou sen pasadores de ligazón. Os materiais configúranse, á súa vez, en camadas diferenciadas pola calidade dos morteiros ou polo tamaño e disposición das laxes do recheo, dispostos así coa intención expresa ben para organizar as xornadas de traballo ben para o saneamento do macizado.

Confírmase tamén a orixe romana dalgunhas portas, caso da Porta Nova e Santiago, gracias ó achado de elementos epigráficos (Fig. 41) ou pola prolongación da súa estructura, soterrada baixo o actual firme, datos que poderían confirmarse con actuacións nas restantes portas consideradas de orixe romana, Miñá, San Pedro e Falsa, sendo as de Odoario, Bispo Aguirre, Izquierdo e San Fernando de fábrica moderna.

Parece confirmarse, tamén, a existencia dunha escaleira orixinal interna embutida no macizado (Fig. 42), por cada cubo, realizándose na actualidade o acceso por cinco escaleiras apegadas ó paramento externo e unha rampla.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:12 Página 71



## 2.2. ELEMENTOS INTEGRANTES

A muralla romana, construída entre finais da terceira centuria e principios da cuarta é, actualmente, a estructura visible máis destacada dun complexo sistema defensivo orixinal (*moenia*), composto por diversos elementos:

**1. Foxo** discontinuo (Fig.43-44), con trincheiras independentes escavadas no zócolo natural, con perfil en U e unhas dimensións duns 25 m de ancho por 4/5 m de profundidade, situándose a contraescarpa a uns cinco metros dos cubos ou torres.

**2.** Posible **ronda exterior**, espacio comprendido entre o arranque da contraescarpa e a muralla.

**3. Cubos** ou torres defensivos (Fig. 45) de planta semicircular lixeiramente empenadas, con cortinas apromadas intermedias sobre os que se levantaría, segundo refiren algunhas noticias e recollen algúns gravados antigos,



Fig. 43

Fig. 40

Macizado interno da muralla de Lugo.

Fig. 41

Elemento epigráfico achado nos fundamentos da Porta Nova.

Fig. 42

Escaleira descuberta no cubo 57.

Fig. 43

Perfil do foxo, descuberto na ronda da Muralla, núm. 54.


Fig. 44


Fig. 45

cadansúas torres de dous ou tres pisos abertas mediante ventás con arcos de medio punto. A estas torres accederíase a través doutras tantas escaleiras internas, embutidas no macizado, ás que, á súa vez, e como hipótese, se subiría, dende o interior, a través doutras móbiles. As escaleiras embutidas son de dous tipos: de "planta imperial" ou forma de T, compostas por unha plataforma de acceso (Fig. 46), escalonada ou en rampla, que remata nun descanso ou espacio distribuidor de dous ramais escalonados laterais enfrontados (Fig. 47), coa caixa definida entre o muro frontal e os machóns. A segunda modalidade carece de ramais laterais.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:12 Página 73





Fig. 46

**4.** Espacio de tránsito interno (*intervallum*), que se estendería desde a cara interna do muro ata a primeira aliñación de edificacións. As intervencións realizadas ó pé da muralla non permiten definilo aínda con precisión.



Fig. 47

Fig. 44

Retallo de foso descuberto na ronda da Muralla, núm. 51.

Fig. 45

Cubo da muralla descuberto na praza do Campo Castelo.

Fig. 46

Escaleiras de acceso orixinais, cubo núm. 43.

Fig. 47

Escaleiras de acceso orixinais.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:12 Página 75



# 3. ASPECTOS URBANOS

A construcción da muralla trae como consecuencia un amplo programa de reformas que afectan non só ós espacios públicos, mesmo tamén ós edificios privados.

Nas rúas opéranse importantes e significativos cambios. Algunhas desaparecen ou son anexionadas parcialmente polos novos espacios domésticos, restando circulación á calzada (Fig. 48). De igual xeito, desaparecen os espacios porticados das beirarrúas, antes reservados ó goce e abeiro dos viandantes. O ancho da calzada é sensiblemente reducido, aínda que se reforzan os firmes, conservando o seu tránsito en plena actividade.



Fig. 48



Fig. 49



Fig. 50

Os antigos sumidoiros localizados á beira das rúas son agora substituídos por novos colectores en forma de cloacas ou túneles subterráneos, que discorren baixo o eixe das vías (Fig. 49). Na actualidade coñecemos o decurso de dúas destas cloacas, cunhas medidas que oscilan entre 1,20/1,30 m de alto e 0,60 m de ancho (Fig. 50). Unha serie de rexistros, situados a intervalos fixos, permitirían inspeccionar e realizar as necesarias operacións de limpeza (Fig. 51).De igual modo, moitos dos edificios públicos e privados son amplamente remodelados. Con relación a estes últimos, asistimos á construcción

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:12 Página 77






Fig. 51

de grandes *domus*, que se estenden por amplas superficies (Fig. 52); con estancias decoradas con mosaicos e pinturas murais, e posuidoras dunhas pequenas termas privadas, revelando a existencia dunha elite urbana bastante importante.

As construccións desta época adoecen do coidado e boa factura das etapas anteriores. Con frecuencia empréganse como alicerces dos muros, elementos arquitectónicos (fustes, bases, etc.) reaproveitados dos vellos edificios, moitos deles sacrificados á traza da muralla.



Fig. 52

Fig. 48

Construccións sobre a calzada (rúa Nova, 19).

Fig. 49

Cloaca baixo o *decumanus máximo* (rúa Doutor Castro, 18).

Fig. 50

Cloaca con cuberta abovedada (rúa Doutor Castro, 18).

Fig. 51

Rexistro na cloaca para limpeza interior (rúa da Raíña, 7-9).

Fig. 52

Gran *domus* descuberta na praza de Sto. Domingo.

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:12 Página 79



# 4. A CASA, EXPRESIÓN DA ARTE DECORATIVA

Os mellores exemplos da arquitectura privada localízanse no centro da cidade, nas proximidades da área foral. Durante esta etapa, proliferan as grandes edificacións privadas ou *domus*, ocupando amplas superficies; aínda que moitas delas comezan a súa actividade nos lustros iniciais da terceira centuria. Edificacións tipo do que deberían ser estas ricas mansións constitúeno os grandes conxuntos exhumados na praza de Sto Domingo, rúa Armanyá (Fig. 53-54) ou máis recentemente na rúa Doutor Castro (Fig. 55) onde os distintos espacios se articulan arredor dun patio porticado ou peristilo, presididos por unha habitación luxosamente decorada


Fig. 53


Fig. 54


Fig. 55


Fig. 56

con pinturas murais e pavimento de mosaico de composición xeométrica (Fig. 56-57), relacionado co descuberto no seu día nesta mesma rúa (antigamente Batitales) (Fig. 58).

A presencia de mosaicos e pintura mural son boa mostra do grao de refinamento acadado por estas grandes mansións. Nelas, os seus propietarios tentaban achegar os seus gustos e costumes ós modos de vida de Roma. Por outra banda a súa importancia como documento tecnolóxico é unha boa testemuña do nivel artístico e cultural da cidade.

## Mostras de pintura mural

Aínda que son frecuentes os achados de pintura mural en Lugo, o estado fragmentario no que se atopan, debido ó grao de destrucción das estructuras de soporte ou muros, a penas permite reconstruír o esquema decorativo. Son frecuentes os fragmentos pictóricos con decoración en bandas de cores vivas moi contrastadas ou, máis ben, grises e

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:12 Página 81



ocres de coloridos menos intensos; pero, en xeral, nos restos desta natureza ata agora exhumados predominan maiormente os motivos xeométricos, e corresponden a faixas de separación e de encadramento no interior dos paneis, de motivos vexetais ou figurados, dos que a penas posuímos mostras significativas (Fig. 59).

Unha das mostras máis completas exhumadas ata o momento procede da rúa Nova (Fig. 60). Trátase dun gran panel, decorado cun artesonado de motivos octogonais xustapostos, con espacios cadrados entre si e motivo floral inscrito. Este é un esquema decorativo moi sinxelo e recorrente, frecuentemente empregado na decoración de teitos, e que aparece ó longo de todo o imperio romano.

Malia o seu mal estado de conservación, a riqueza cromática e o excelente acabamento da meirande parte das mostras



Fig. 57



Fig. 58



Fig. 59

Fig. 53

Casa do mosaico de Dédalo e Pasefae (rúa Armanyá).

Fig. 54

Mosaico con decoración xeométrica (rúa Armanyá).

Fig. 55

Casa con peristilo, descuberta na rúa Doutor Castro, 22.

Fig. 56

Mosaico xeométrico da rúa Doutor Castro, 22.

Fig. 57

Detalle do mosaico da rúa Doutor Castro.

Fig. 58

Mosaico de Batitales.

Fig. 59

Mostras de pintura mural (praza de Sto. Domingo).



Fig. 60



Fig. 61



Fig. 62

recuperadas proban a existencia en *Lucus Augusti* dun equipo de pintores que dominaban perfectamente as técnicas da decoración e coñecían as modas que imperaban en Roma ou Pompeia.

## Manifestacións da arte musivaria

Os pavimentos de mosaico (*opus tessellatum*) estaban realizados mediante cadradiños de pedra (*tesela*) de tamaño e colorido diverso, que convenientemente combinados dan lugar a composicións pictóricas máis ou menos logradas.

Un dos exemplos máis senlleiros, por ser o máis completo e complexo dos ata o momento descubertos na cidade de Lugo, foi achado na rúa Armanyá. Decoraba unha gran habitación de 38 m$^2$, e presenta un esquema decorativo composto, segundo costume, de emblema central e decoración perimetral. O emblema (Fig. 61), executado con teselas de

Fig. 60

Pintura mural (rúa Nova).

Fig. 61

Mosaico de Dédalo e Pasefae, emblema.

Fig. 62

Cabeza de bóvido (mosaico de Dédalo e Pasefae).

pequeno tamaño (*opus vermiculatum*), representa o coñecido mito de Dédalo e Pasefae no momento de serlle entregado a esta, por aquel, o bóvido de madeira que vai satisfacer os seus inconfesables desexos. Dédalo, vestido segundo a moda da época, está sentado en rexa cadeira de madeira, entrecruzando coidadosamente as pernas, mentres á súa esquerda xace o cesto das ferramentas, e diante albíscase a testa do touro (Fig. 62). Pasefae está detrás, de pé e vestida con longa túnica dourada, sobre a que se entrecruza un manto azul; ó seu carón, unha torre de varios pisos con porta de acceso en arco e ventás alinteladas.

A decoración perimetral ordénase en franxas paralelas nas que se representan arcadas, cadrados que se tocan polos vértices, liñas de rombos, copas de abeto, peltas, etc., é decir, todo o universo de recursos decorativos que se repite nas demais composicións musivas (Fig. 63).



Fig. 63

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:13 Página 85



# 5. ASPECTOS DA VIDA COTIÁ

## 5.1. Fiandeiras e tecedores, o vestido hai que facelo

Entre as actividades cotiás máis usuais cabe mencionar os labores relacionados co tecido e a costura, xeralmente ó cargo das mulleres, calquera que fose a súa condición social. Sen embargo, a gran cantidade de pesos de tear atopados nas escavacións, algúns deles concentrados nunha mesma zona, así como a diversidade de formas e peso, fan supoñer a existencia dunha producción artesanal de fío e tecidos fóra do ámbito familiar.Reproducimos un exemplar de tear vertical de pesas, fabricado en madeira e de uso común no mundo romano; no cal se pode observar o uso de ou pesas feitas en cerámica (ou pedra) cunha perfora-

Fig. 63

Motivo xeométrico (mosaico de Dédalo e Pasefae).

ción na parte superior pola que se pasaban os fíos do urdido que, ó quedaren tensados, facilitaban o labor. Tamén era frecuente o uso de fusaiolas, pequenos discos perforados engarzados nun eixe de madeira que servían para conter as madeixas das que, debandadas, se obtiñan os fíos. Para a realización das diversas tramas utilizaríanse lanzadeiras de madeira ou agullas dobres en bronce. Como materias primas principais empregábase a la, recomendable para as prendas ordinarias e de abrigo, e o liño, máis adecuado para a roupa interior e as vestiduras finas.Para o cosido dos vestidos recorríase a agullas de bronce ou óso de ollo circular ou rectangular. A variedade de formas e tamaños explícase non só pola diversidade dos panos, senón tamén porque elas servían igualmente para confeccionar artigos de pel, coiro ou palla.

## 5.2. Unha cerámica con denominación de orixe



Dentro da cerámica común destaca o grupo das denominadas “cerámicas engobadas”, chamadas así polo característico pigmento vermello que as cobre e que se aplica de diferente maneira segundo o perfil ou función do recipiente: pola cara interna nos de perfil aberto, pola externa nos pechados e por cadansúas caras en determinadas imitacións.Trátase, ademais, dun conxunto especialmente lonxevo. Inspiradas en modelos romanos, as máis temperás mostras aparecen xa nas décadas centrais da primeira centuria reflectidas en copas de imitación de *terra sigillata gálica,* realizadas conforme ás pautas das cerámicas de tradición local. Sen embargo, este conxunto acadará o seu esplendor e definitiva xeneralización a finais da primeira centuria en forma de abundantes series de pratos para o servicio de cociña e mesa. Unha das produccións máis típicas deste período son os cuncos troncocónicos engobados que serían obxecto de exportación, identificándose as diferentes produccións mediante unha serie de selos ou marcas de talleres que dan idea da forza da actividade industrial oleira de *Lucus Augusti*, supoñendo, como así cremos, a súa producción nesta cidade.

Os pratos perduran en época baixoimperial, a partir de finais da terceira centuria, co engadido dunha serie de xerras e diversos recipientes de imitación como cuncos e, sobre todo as grandes bandexas de imitación, de coidada elaboración, inspiradas nas produccións tardías de *terra sigillata*. A alta consideración destas produccións fai que tamén sexan empregadas como elemento habitual nos enxovais das ofrendas funerarias, nos enterramentos desta época.

## 5.3. Vaixela de cociña e mesa

A partir de finais da terceira centuria, o conxunto de cerámica común discorre por outras dúas fases: a decadencia (século IV d.C.) e o ocaso, ata o 460 d.C, ano da caída da cidade en mans dos bárbaros.

Con todo, debemos matizar os termos decadencia e ocaso que non implica unha diminución nas calidades técnicas e estéticas das pezas, senón unicamente a reducción da producción como consecuencia da desaparición da meirande parte dos talleres oleiros debido á nova estructura urbanística imposta pola construcción da muralla. Trátase, en consecuencia, dun reaxuste do abano formal plasmado na reducción do número de tipos, especialmente dos recipientes máis toscos de cociña e almacenaxe. Pola súa parte, os recipientes de mesa, de excelente realización, intégranse en amplos e completos servicios de mesa, entre as que destacan as xerras e vasos grises, pintados e engobados, e olas de gran calidade, á parte dunha serie de imitacións das produccións tardías de *terra sigillata,* agrupadas en dous grandes conxuntos, as engobadas e grises finas tardías, que, á súa maneira, constitúen unha prolongación dos servicios "ocre" e "gris" altoimperiais; imitacións nas que, por outra parte, concorre un certo hibridismo xa que na súa realización se mesturan elementos formais de tradición romana e esquemas decorativos de gusto indíxena.

No amplo período comprendido entre os lustros centrais do século V d.C. e a implantación dos modelos cerámicos baixomedievais nos séculos XI e XII, representa en Lugo un campo cerámico case baleiro tanto polo baixo número de mostras e o seu reducido catálogo, limitado a produccións bastas, preferentemente olas, feitas con pastas grises moi bastas e con rudos exteriores, co obstáculo engadido dunha datación imprecisa.



## 5.4. Vaixelas finas de mesa: a terra sigillata hispánica tardía

A partir do século IV, as cerámicas finas de mesa evolucionan, cambian as técnicas de produción, as formas e os estilos decorativos e, moi posiblemente, os hábitos alimenticios. A esta época pertencen as abundantes mostras de *terra sigillata* denominadas "hispánica tardía". Seguen a producir os talleres dos vales do Ebro e Douro, pero abandonan boa parte dos modelos tradicionais, substituídos agora por novas formas, como os cuncos da forma 37 de fondo redondeado e amplo bordo exvasado, lisos ou decorados. Estes tipos están moi ben representados en *Lucus Augusti* entre mediados do século IV e mediados do século V.

Paralelamente aparecerán tamén novos modelos como a terra sigillata estampada gris (ou paleocristiá), con algunhas formas que serían fabricadas, quizais, en obradoiros locais; e as sigillatas claras, de procedencia africana, testemuñadas dun xeito ocasional.

## 5.5. Os vidros de última xeración

En época serodia, o vidro convértese nun obxecto de baixo custo económico e moi cotián, diferenciándose a producción con respecto ós modelos precedentes. Tecnicamente trátase de vidro soprado, xeralmente de baixa calidade, exceptuando o vidro de luxo, que presenta numerosas burbullas, estrías e incluso manchas negras evolucio-

M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:13 Página 89



nando no século IV d.C. cara á coloración verde oliva ou amareladas, mentres o vidro incoloro ofrece un aspecto leitoso. A decoración é agora máis rica:cabuxóns, fíos fundidos ou en relevo, lapidados, facetados e, de forma especial, figuracións gravadas.

A presencia de restos de escouras de vidro en relación cunha estructura circular de pequeno tamaño, que podería corresponder, quizais, á planta dun forno, fai pensar na existencia de obradoiros de fundición de vidro en *Lucus Augusti*.

## 5.6. Aneis con clase

Tal e como nos conta Macrobio (400-430 d.C) ó principio os aneis levábanse en calquera dedo, despois no dedo maimiño da man dereita e, en último lugar, no cuarto dedo da man esquerda. As pezas de xoiería desta época que mostramos son de ouro ou bronce con engaste de pasta vítrea. O anel de ouro foi durante moito tempo un privilexio de clase, mais neste tempo poderán exhibilo todos aqueles ós que llelo permita o seu poder adquisitivo. O exemplar aquí mostrado, sen a pedra que o adornaba, ten un engaste resaltado e decorado a cicel con volutas e cruces aspadas. Son típicos tamén desta época os aneis con engaste realzado. O engarzamento de pasta vítrea, co tema do xinete cabalgando, imita ó nícolo (variedade de ágata de dúas capas, branca azulada e azul escura, que se talla dunha forma precisa).

## 5.7. A moeda baixoimperial, manifestación da crise

Coa reforma de Diocleciano, iniciada no ano 294 d.C, inténtase poñer un pouco de orde, creando novas moedas de bronce e prata e perseguindo as emisións clandestinas; para o cal crea un numeroso grupo de cecas imperiais relacionadas co novo esquema administrativo.

A comenzos do século IV o problema segue sen resolverse e os emperadores non son quen de reducir a tendencia inflacionista. A prata escasea e o *follis* sofre sucesivas desvalorizacións, reducindo o seu módulo de peso. Constantino e os seus fillos fan novas reformas, pero tampouco conseguen atallar o problema. Son abundantes nesta época os denominados AE2 con lendas como *gloria romanorum*, facendo alusión a tempos mellores. No derradeiro tercio do século IV e principios do V, empezan a aparecer gran cantidade de tesouriños ou depositos monetarios agochados como consecuencia da inseguridade creada polas invasións do ano 409 d.C.Os máis tardíos exemplares numismáticos rexistrados na cidade corresponden á familia de Teodosio, con pezas de minúsculo tamaño nas que as cantidades de chumbo case igualan ás de cobre.



M•Arqueoloxía LUGO.qxd 01/03/2010 14:13 Página 91



# 6. RITOS FUNERARIOS E CRENZAS RELIXIOSAS

## 6.1. ALIMENTOS PARA UNHA LONGA VIAXE

Resulta difícil precisar en termos cronolóxicos o momento en que se substitúe o rito de incineración pola inhumación. Xeralmente é admitido que o ritual de incineración foi exclusivo ata mediados do s. III d.C., sucede a este o ritual de inhumación, imposto polo cristianismo. En Lugo, podemos afirmar que a incineración foi utilizada ata finais do século III, tal e como amosa o feito de que a construcción da muralla, déixase dentro do circuíto urbano unha necrópole deste tipo (praza de Ferrol). A sucesión de ámbolos dous


Fig. 64


Fig. 65



Fig. 66

